

Obxectivos:

O concepto de *compliance*, cumprimento legal ou cultura do cumprimento, abarca un conxunto de principios éticos, directrices, códigos de condutas e de boas prácticas que informan e ordenan a actuación das entidades co fin de consolidar e transparentar a filosofía do seu proxecto e articular un conxunto de políticas de prevención e control que as converta en máis confiáveis, minimizando o risco e xerando, tanto na súa dimensión interna como nas súas relacións externas, unha cultura de observancia da legalidade e de potenciación daqueles valores que as identifique como organizacións responsables e comprometidas coa súa contorna económica, social e cultural.

Por outra banda, o Regulamento xeral de protección de datos que recentemente entrou en vigor supón novo marco normativo común a toda a Unión Europea, que fai da protección de datos unha área de coñecemento que require un elevado nivel técnico e de comprensión, en que dereito e informática mestúranse de forma irremediable.

O principal obxectivo deste curso é profundar no estudo do cumprimento legal (*compliance*) e do Dereito TIC tras a recente aprobación do seu marco normativo, tanto para España como para toda a UE.

Persoas destinatarias:

O curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia que estea en posesión do título de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderán acceder os e as profesionais que estean en posesión do título de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica.

Convocatoria:

DOG núm. 102, do 31 de maio de 2019.

Lugar de desenvolvemento:

EGAP. Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal Web: <https://egap.xunta.gal>

Curso monográfico

DEREITO TIC E COMPLIANCE

Santiago de Compostela, 11, 13, 17 e 19 de xuño de 2019



MARTES, 11 DE XUÑO DE 2019 (16.00 h. a 19:00 h.)

MÓDULO I. DEREITO TIC.

1. Introducción e ámbitos xerais regulados polo Dereito TIC.
2. Protección de datos persoais.
 - a. Base xurídica: o RGPD e a LOPDGDD.
 - b. Definicións, responsables e obrigacións básicas.
 - c. Novidades principais respecto á normativa anterior.
3. Comercio electrónico
 - a. Base xurídica: a LSSI.
 - b. Responsabilidade de intermediarios e prestamistas.
 - c. Publicidade en Internet: o SPAM.
 - d. Contratación electrónica.

Víctor Alberto Salgado Seguí.

Avogado-Socio do Bufete *Pintos & Salgado Abogados*.

XOVES, 13 DE XUÑO DE 2019 (16.00 h. a 19:00 h.)

MÓDULO I. DEREITO TIC.

4. Sinatura electrónica
 - a. Base xurídica: o Regulamento eIDAS e a LFE.
 - b. Concepto e tipos de sinatura.
5. Propiedade Intelectual
 - a. Base xurídica: a LPI.
 - b. Concepto e obxectos de protección.
 - c. Dereitos morais e patrimoniais.
6. Delitos tecnolóxicos
 - a. Base xurídica: Código Penal. Concepto e tipos.
 - b. Delitos de defraudación electrónica, danos informáticos, violación da intimidade, “piratería”, etc.

Víctor Alberto Salgado Seguí.

Avogado-Socio do Bufete *Pintos & Salgado Abogados*.

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación.
As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal/>

LUNS, 17 DE XUÑO DE 2019 (16.00 h. a 19:00 h.)

MÓDULO II. COMPLIANCE.

1. Introducción.
2. Modelos de cumprimento internacionalmente aceptados. En especial, estándares ISO e UNE.
3. A responsabilidade penal da persoa xurídica.
 - a. Código penal. Parte xeral.
 - b. Principais cuestións admitidas e discutidas.
 - c. Catálogo de delitos tras a LO 1/2019.
4. Aspectos procesuais do procedemento penal fronte ás persoas xurídicas.

Juan Antonio Frago Amada.

Fiscal do Grupo de Delitos Económicos na Coruña.

MÉRCORES, 19 DE XUÑO DE 2019 (16.00 h. a 19:00 h.)

MÓDULO II. COMPLIANCE.

5. Sistemas e modelos de referencia: GRC.
 - a. Elementos do plan de cumprimento: legais e usualmente aceptados.
 - b. Canles de denuncias. As investigacións internas. O *whistleblowing*.
6. A cultura de cumprimento corporativo.
 - a. Formación e sensibilización.
 - b. A figura do *compliance officer*.
 - c. Risco reputacional.
 - d. Medidas a nivel de grupo de empresa.
 - e. Avaliación periódica.
 - f. Exame por terceiros alleos á organización.
7. Prevención da corrupción, delitos e medidas para contrarrestala.

Juan Antonio Frago Amada.

Fiscal do Grupo de Delitos Económicos na Coruña.

Dirección académica:

Fernando Suárez Lorenzo.

Presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.